

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE XULLO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se determina a publicación, o día 12 de xullo de 2018, das bases reguladoras das axudas das consellerías de Facenda, Economía, Emprego e Industria, e Medio Rural, para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos de Cambre, Carballo, Oleiros, Lugo e Sanxenxo para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas, pola que se adhire ao convenio o Concello de Pontevedra, por un importe de trinta e seis mil cento cincuenta e un euros con corenta e dous céntimos (36.151,42 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra de construción dun centro de saúde en Narón, por importe de cinco millóns catrocentos setenta e seis mil douscentos noventa e catro euros con dezasete céntimos (5.476.294,17€) e un valor estimado de catro millóns cincocentos vinte e cinco mil oitocentos sesenta e dous euros con noventa e cinco céntimos (4.525.862,95€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Confederación de Industrias Téxtiles de Galicia – Cointega, as organizacións sindicais UGT -FICA- Federación de Industria, Construción e Agro de UGT e a Federación de Industria de CCOO

Galicia, no marco do proxecto Galitex co fin de mellorar a empregabilidade das persoas afectadas polo desemprego no sector téxtil de Ordes e comarca, por importe de novecentos noventa e nove mil douscentos noventa e un euros con cincuenta céntimos (999.291,50€).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para aumentar as porcentaxes e os importes máximos dos pagamentos anticipados e a exención da obriga de constituír garantías recollidas nos artigos 63 e 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2018, por un importe de oito millóns cen mil euros (8.100.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Deusto/ Deustuko Unibertsitatea (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a University of Oxford (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade del País Vasco/ Euskal Herriko Unibertsitatea (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 €).
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación da construción do edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación documental simplificada, por importe de dezaseis millóns novecentos noventa e oito mil setenta e tres

euros con sesenta e sete céntimos (16.998.073,67 €), e valor estimado de quince millóns catrocentos corenta e sete mil novecentos noventa e catro euros con setenta e sete céntimos (15.447.994,77€) sen IVE.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Lestrobe, feita a título gratuito polo Concello de Dodro (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Tordoia, feita a título gratuito polo Concello de Tordoia (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde da Pastoriza, feita a título gratuito polo Concello da Pastoriza (Lugo) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Baralla, feita a título gratuito polo Concello de Baralla (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Barreiros, feita a título gratuito polo Concello de Barreiros (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Sober, feita a título gratuito polo Concello de Sober (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde do Rosal, feita a título gratuito polo Concello do Rosal (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a establecer pagamentos anticipados e á conta en porcentaxes superiores ás

recollidas nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e a eximir da obriga de constituír garantías de acordo co artigo 67.4 do citado decreto, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018, 2019, 2020 e 2021. Total: un millón douscentos cinco mil euros (1.205.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre o Balance da acción: a APLU ao servizo dos concellos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONVOCATORIA DAS AXUDAS DAS CONSELLERÍAS DE FACENDA, ECONOMÍA E MEDIO RURAL PARA PALIAR OS DANOS DA EXPLOSIÓN DE TUI

- *Hoxe mesmoponse en marcha o mecanismo para poder solicitar estas axudas, que serán publicadas no DOG o vindeiro día 12 de xullo, a partir de entón establécese un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes*
- *A Consellería de Facenda establece axudas para os nenos en situación de orfandade pola morte dos seus pais por motivo da explosión*
- *As axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria serán destinadas a sufragar os danos causados conforme á valoración levada a cabo na peritación xudicial*
- *A Consellería do Medio Rural establece tres liñas de axudas: reparación de bens, maquinaria, equipamento ou medios de produción; perda total ou parcial da produción; axudas pola morte de gando ou pola perda de colmeas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a publicación das bases reguladoras das axudas das consellerías de Facenda, Economía, Emprego e Industria e Medio Rural para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o pasado 23 de maio e que se publicarán xa o vindeiro día 12 de xullo no *Diario Oficial de Galicia*.

A Xunta de Galicia, co Decreto 55/2018 aprobado só unha semana máis tarde do suceso, o 30 de maio, estableceu unha serie de axudas que, por mor do interese público, social, e humanitario derivado das circunstancias excepcionais do suceso, serían outorgadas de xeito directo. As consellerías de Facenda, Economía, Emprego e Industria; Infraestruturas e Vivenda e Medio Rural levarán a cabo a concesión das axudas.

Facenda determinou axudas para as persoas que se encontraran en situación de orfandade como consecuencia dos falecementos producidos pola explosión; Economía, Emprego e Industria para compensar os danos producidos nos establecementos comerciais, industriais, turísticos ou mercantís, tanto no que se refire ás súas instalacións, como a edificacións, maquinaria ou mercadoría depositadas nelas, así como nos vehículos relacionados con estas actividades; e Medio Rural para os titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras danadas.

Así hoxe mesmoponse en marcha o mecanismo para poder solicitar estas axudas coa publicación das bases no DOG o vindeiro día 12 de xullo, establecendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, polo que os afectados poderán solicitar as axudas ata o 3 de agosto incluído.

Contía das axudas

A Consellería de Facenda establece axudas para os nenos en situación de orfandade pola morte dos seus pais por motivo da explosión.

As axudas da Consellería de Economía, Emprego destinaranse a sufragar os danos causados pola explosión conforme á valoración levada a cabo na peritación xudicial. O prazo de resolución será dun mes contado desde a data de presentación da solicitude e o pagamento realizarase 15 seguintes á notificación da resolución. O crédito inicial ascende a 500.000 euros, ampliábel en caso de que fose necesario.

A Consellería do Medio Rural establece tres liñas de axudas. A primeira está destinada á reparación de bens, maquinaria, equipamento ou medios de produción das explotacións agrícolas ou gandeiras cun límite máximo de 25.000 euros. A segunda liña son as axudas pola perda total ou parcial da produción agrícola das explotacións agrícolas e gandeiras, cun límite máximo por persoa beneficiaria de 15.000 euros. E a terceira liña de axudas corresponde ás axudas pola morte de gando ou pola perda de colmeas das explotacións gandeiras e apícolas, por valor dos animais mortos ou das colmeas destruídas como consecuencia da explosión pirotécnica nas zonas afectadas.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Poderanse presentar, así mesmo, as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Balance das axudas por danos nas vivendas

Ao abeiro do Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do día 7 de xuño de 2018 a Orde do 5 de xuño de 2018, para sufragar os danos ocasionados nas vivendas.

Na orde, establécense dúas liñas de axudas: para aloxamento provisional e para reparar os danos ocasionados nas vivendas e enxoval doméstico.

A primeira liña, destinada ao aloxamento provisional, ten como obxecto financiar os gastos derivados do arrendamento dunha nova vivenda polas familias residentes nas vivendas danadas. No marco desta convocatoria presentáronse ata o de agora un total de 14 solicitudes de axudas. A data de hoxe, 13 solicitudes están resoltas, concedidas as axudas e aboándose as mensualidades correspondentes. O importe total concedido é de 66.150 euros.

En canto á segunda liña de axudas, teñen como obxecto sufragar a reparación dos danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, comprendendo tanto os supostos de ruína da vivenda como de vivendas susceptibles de rehabilitación.

No marco desta convocatoria presentáronse ata o de agora un total de 34 solicitudes, das cales 12 foron presentadas na última semana. A data de hoxe foron obxecto de resolución favorable un total de 14 expedientes por importe de 81.366,88 euros. Xa foi comunicada ás persoas interesadas a concesión destas axudas e 8 deles solicitaron o pago anticipado da axuda por importe de 52.172,05 euros, que xa foron concedidos.

O resto de expedientes están en tramitación, tendo en conta que a meirande parte destas solicitudes se presentaron nos últimos días e algunhas corresponden á zona cero á que o xulgado impedía acceder para a realización das inspeccións.

AMPLIADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE FOTOGRAFÍAS ÁREAS DE ALTA RESOLUCIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha addenda, por un importe de case 40.000 euros, para a captación deste tipo de imaxes na cidade do Lérez, sumándose así aos concellos de Cambre, Carballo, Oleiros, Lugo e Sanxenxo*
- *Trátase da primeira vez que na Comunidade galega se obterán este tipo de imaxes e para unha extensión tan ampla, o que sitúa a Galicia á altura de comunidades como Madrid, Cataluña e País Vasco*
- *Estas fotografías permitirán identificar e representar as construcións, o mobiliario urbano ou os elementos das infraestruturas básicas, así como a obtención de distintas perspectivas sobre unha mesma zona do terreo*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou unha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Concello de Pontevedra para realizar por primeira vez voos que permitan obter fotografías aéreas xeorreferenciadas de alta resolución na cidade do Lérez.

Trátase dunha ampliación do convenio asinado en abril para a obtención deste material nos concellos de Cambre, Carballo, Oleiros, Lugo e Sanxenxo, por un importe de 281.000 euros; aos que agora se suman case 40.000 euros para a toma de imaxes en Pontevedra, a través desta addenda. Na actualidade, o Instituto de Estudos do Territorio está a tramitar a licitación, coa celebración das diferentes mesas de contratación que teñen por obxecto a análise da documentación recibida polas empresas licitadoras, polo que as previsións que manexa son realizar os voos este mesmo verán.

Esta actuación, coordinada polo Instituto de Estudos do Territorio, realízase ao amparo do Plan nacional de ortofotografía aérea (PNOA 10) para Galicia, polo cal se obterán imaxes áreas durante o ano 2018, co fin de obter ortofotos cunha resolución espacial de aproximadamente 10 cm.

Co desenvolvemento deste traballo, será a primeira vez que na Comunidade galega se obteñan este tipo de imaxes e para unha extensión tan ampla, o que sitúa a Galicia á altura de comunidades como Madrid, Cataluña e País Vasco.

As ortofotografías tradicionais actualmente dispoñibles non permiten realizar medicións precisas en zonas urbanas densas debido aos abatements e desprazamentos das edificacións polo efecto do ángulo de captura, mentres que estas ortofotos verdadeiras

(True-Orto) permiten realizar medicións precisas de obxectos como edificios, avenidas, barrios, beirarrúas, etc.

En definitiva, estas imaxes aéreas permitirán mellorar a capacidade para identificar e representar as construcións, o mobiliario urbano ou os elementos das infraestruturas básicas, así como permitir a obtención de distintas perspectivas sobre a mesma zona do terreo, ao tempo que se pode conseguir rectificar a parte superior das edificacións, o que significa na práctica que estas aparecerán reflectidas na súa posición verdadeira, fronte ao que sucedía nas ortofotos convencionais. É dicir, evítanse as oclusións producidas polos edificios e poderase observar, medir e representar todos os obxectos na contorna das edificacións, así como medir a altura e forma das edificacións con gran precisión.

Grazas ao desenvolvemento deste convenio obteranse fotografías que permitirán a elaboración dunha cartografía a gran escala (1:500 e 1:1.000), que posibilitarán a medición de superficies e alturas con maior precisión que as fotografías tradicionais. A modo de exemplo, farase unha medición máis exacta das pendentes de cubertas, do estado de aliñacións, da largura das beirarrúas...

Asemade, son una fonte de información para múltiples aplicacións e usos, como a planificación urbanística, renovación urbana, cartografía 3D, catastro 3D, enquisas de infraestruturas e equipamentos locais, disciplina urbanística, emerxencias e seguridade cidadá, xestión de redes de saneamento, abastecemento, rega e de comunicacións, iluminación pública, recollida de residuos (localización de contedores), mobilidade, pavimentación, *Smart Cities* e *BIM (Building Information Management)*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE CASE 5,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE NARÓN

- *A Axencia Galega de Infraestruturas licitará nos vindeiros días as obras, co obxectivo de executalas a finais de ano, cun prazo de 19 meses*
- *O novo centro de saúde de Narón situarase nunha parcela de 6.142 m² cedida polo Concello ao Servizo Galego de Saúde e terá una superficie construída de preto de 4.300 m²*
- *O edificio, que tamén albergará o Punto de Atención Continuada (PAC), constará de dúas plantas e un semisoto nos cales se distribuirán os diferentes espazos*
- *As instalacións disporán na área médica de 14 consultas de medicina xeral, 12 de enfermaría, 2 de farmacia, un despacho para o traballador social, unha sala de toma de mostras, dúas de técnicas, 4 polivalentes e 4 consultas de docencia*
- *O Goberno galego dá un paso máis na materialización desta nova infraestrutura sanitaria, que permitirá tanto aos profesionais como aos veciños de Narón contar cun centro moderno e adaptado ás súas necesidades*
- *Ao longo desta lexislatura, máis de 310.000 galegos van cambiar o seu centro de saúde actual por un novo ou renovado, xa que o Executivo autonómico está a traballar en 20 novas infraestruturas, cun orzamento de 55,6 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de case 5,5 millóns de euros na construción dun novo centro de saúde de Narón. A Axencia Galega de Infraestruturas licitará nos vindeiros días as obras, co obxectivo de iniciar a súa construción a finais deste ano 2018. O prazo de execución do contrato é de 19 meses.

O novo centro de saúde de Narón situarase nunha parcela de 6.142 m² cedida polo Concello ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) e terá una superficie construída de preto de 4.300 m²; o que supón un incremento de preto de 1.800 metros cadrados respecto do centro actual, infraestrutura que será cedida ao Concello para usos sociais.

O edificio, que tamén albergará o Punto de Atención Continuada (PAC), constará de dúas plantas e un semisoto, nos cales se distribuirán os diferentes espazos.

As instalacións disporán, para atender unha poboación de 35.000 tarxetas sanitarias no centro de saúde e preto de 45.000 no PAC, dunha área médica de 14 consultas de medicina xeral, 12 de enfermería, 2 de farmacia, un despacho para o traballador social, unha sala de toma de mostras, dúas salas de técnicas, 4 salas polivalentes e 4 consultas de docencia. Na área pediátrica haberá 4 consultas de pediatría e 3 para enfermaría pediátrica.

Na área da muller o proxecto prevé unha consulta para matrona, unha sala de educación sanitaria e unha consulta para o programa da muller.

Na zona dedicada a urxencias, o novo centro disporá dunha consulta de odontoloxía, unha para hixienista, unha para fisioterapia, un ximnasio e unha sala de reunións. Na área de persoal haberá despachos para coordinación administrativa, sala de estar, arquivo e sala de xuntas.

O Goberno galego dá un paso máis na materialización desta nova infraestrutura sanitaria, que permitirá tanto aos profesionais como aos veciños de Narón contar cun centro moderno e adaptado ás súas necesidades.

Ao longo desta lexislatura, máis de 310.000 galegos van cambiar o seu centro de saúde actual por un novo ou renovado, xa que o Executivo autonómico está a traballar en 20 novas infraestruturas. Nesta ambiciosa renovación, a Xunta de Galicia vai investir 55,6 millóns de euros. Deste grupo de 20 infraestruturas, 17 proxectos son de nova construción, como é o caso do novo centro de saúde de Narón, e os outros 3 restantes (A Illa, A Laracha e Pazos de Borbén), son ampliacións e melloras das instalacións existentes

A XUNTA IMPULSA A INSERCIÓN LABORAL DE 300 TRABALLADORES DO TÉXTIL DA COMARCA DE ORDES A TRAVÉS DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria asinará un convenio de colaboración coa Confederación de Industrias Têxtils de Galicia (Cointega) e coas federacións UGT-FICA e de Industria de CCOO de Galicia para levar a cabo o programa Galitex*
- *Este proxecto, cun orzamento de 1,2M €, diríxese a persoas que estiveron afectadas por un expediente de regulamento de emprego (ERE) entre o 30 de xullo de 2016 e o 30 de abril de 2017*
- *O obxectivo principal é que os beneficiarios, nun 83,5% mulleres con idades de entre 30 e 54 anos, atopen un novo emprego no mesmo sector ou noutras actividades económicas*
- *Galitex conta con 6 programas con medidas para o acompañamento na procura de emprego, de reciclaxe profesional á carta, para a promoción do espírito empresarial con vistas ao establecemento por conta propia e apoios de ata 400 € para promover a participación activa no plan*
- *O desemprego no téxtil caeu en Galicia en máis dun 46% desde 2009, e só desde o ano pasado nun 16,23%, superando en case 6 puntos a baixada media reflectida no conxunto dos sectores económicos*

Galitex é unha nova iniciativa posta en marcha pola Xunta para apoiar a reinserción laboral de 300 traballadores e traballadoras do sector téxtil. O proxecto baséase nun plan de actuación integral á medida dos participantes que inclúe, entre outros, obradoiros á carta e axudas de ata 400 euros para promover a participación activa no programa. O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Confederación de Industrias Têxtils de Galicia (Cointega) e as federacións UGT-FICA e de Industria de CCOO de Galicia para executar a actuación. O orzamento global de Galitex ascende a 1,2 millóns de euros, e conta co apoio do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG).

Este plan á medida está dirixido aos traballadores e traballadoras do téxtil de Ordes e da súa comarca, que estiveron afectados por un expediente de regulamento de emprego (ERE) no período comprendido entre o 30 de xullo de 2016 e o 30 de abril de 2017. O obxectivo principal é que os participantes, nun 83,5% mulleres con idades comprendidas entre os 30 e 54 anos, atopen un novo emprego no mesmo sector ou noutra actividade económica.

A iniciativa inclúe 6 programas con medidas encamiñadas á asistencia na procura dun emprego; reciclaxe profesional a medida; promoción do espírito empresarial con vistas ao establecemento por conta propia; e incentivos para promover a participación activa

no programa facilitando, entre outros, o desprazamento ou a conciliación da vida familiar. Do que se trata é de acompañar os participantes no proxecto de xeito persoal e individualizado ata a súa reinsertión no mercado de traballo.

O primeiro dos programas, o de diagnose inicial, xa comezou coa realización de dúas xornadas informativas que tiveron lugar en Ordes e na Coruña para presentar o proxecto aos potenciais beneficiarios. Contactouse con cada un dos afectados, ao tempo que se mantiveron xuntanzas cos interlocutores sociais para o deseño do programa. A partir de agora levaranse a cabo medidas de sensibilización, programas de orientación, de formación e de inserción, ao tempo que se activarán as bolsas de axudas.

Seis programas de actuación

As medidas de sensibilización inclúen a realización de entrevistas individualizadas a cada participante co fin de coñecer a información necesaria para facer unha valoración axeitada das posibilidades reais de reincorporación ao mercado laboral. En paralelo, poranse en marcha obradoiros á carta de activación laboral para potenciar as capacidades profesionais; de reforzo de competencias con obradoiros informativos relacionados coa obtención de certificados de profesionalidade e con outros procedementos para acreditar outro tipo de competencias; e obradoiros de retorno ás aulas en que se exporán as exigencias do mercado laboral relacionadas cos estudos mínimos esixidos dependendo dos sectores de actividade. Informarase tamén das accións que se desenvolverán para obter o graduado en ESO.

Os beneficiarios de Galitex recibirán, así mesmo, orientación laboral, tanto dirixida ao autoemprego como a traballos por conta propia, e formación en competencias básicas, transversal -principalmente centrada nas TIC-, de recualificación profesional fóra do ámbito téxtil, especializada dentro do sector e dirixida ao autoemprego. Así mesmo, impartiranse cursos de formación para a adquisición en competencias clave requiridas para o acceso aos certificados de profesionalidade e para dotar os participantes dos coñecementos necesarios correspondentes á educación básica, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan obter o título de graduado na ESO.

O programa de inserción céntrase no apoio á recolocación cun seguimento personalizado. Analizarase de xeito continuado o tecido industrial co fin de detectar as necesidades de persoal nas empresas e, posteriormente, poder xestionar as ofertas de traballo en que puidesen ter cabida os usuarios do proxecto. Apoiaranse tamén a aqueles participantes que desexen iniciar pola súa conta unha actividade económica, informándoos sobre traspasos de negocios, locais en venda ou de nova apertura. Así mesmo, realizarase un seguimento personalizado de cada traballador desde a súa

entrada no mercado laboral ata un ano despois do remate de Galitex, no segundo semestre de 2019.

Galitex, por último, inclúe un programa de incentivos para promover a participación activa. Inclúense axudas por asistir ás sesións de orientación e inserción, cun máximo de 400 euros ao longo de todo o proxecto; apoios ao desprazamento con 180 euros de máximo por curso formativo presencial que precise o desprazamento do domicilio, incluíndo gastos de autoestrada ou aparcamento; bolsas para a conciliación no caso de ter unha persoa menor de 9 anos ou un dependente a cargo; e axudas para o autoemprego de 200 euros ao mes durante un máximo de 6 meses no caso de constituírse como autónomo.

A iniciativa da Administración autonómica é, polo tanto, un proxecto feito á medida dos traballadores do téxtil. Prevese que un 70% dos beneficiarios potenciais poida mellorar a súa empregabilidade e que un 45%, como mínimo, das persoas que se impliquen nos itinerarios completos atope un traballo.

O téxtil é un sector prioritario para o Goberno galego. De feito, non é a primeira vez que se pon en marcha un proxecto á medida de traballadores afectados por un ERE neste ámbito. Empregatex, que se realizou no 2010, acadou a inserción laboral dun 64% das persoas que participaron nos itinerarios de inserción e nos diferentes plans de acción.

Impulso ao sector

A Administración autonómica está apoiando esta actividade económica que representa o 10% do PIB de Galicia, cunhas exportacións que en 2017 creceron nun 10,8%. Na actualidade, o desemprego baixou neste eido nun 46,27% con respecto a 2009. Ademais, en comparación co último ano, o paro caeu nun 16,23%, un ritmo de baixada que supera en case 6 puntos a media rexistrada no conxunto dos sectores económicos galegos.

A XUNTA APOIA AS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CON AXUDAS POR VALOR DE 8,1M€ PARA CONTRATAR 473 DESEMPREGADOS

- *O programa financiará a contratación de desempregados durante 9 meses a tempo completo en 125 asociacións sempre que estean inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (Ruepss)*
- *A iniciativa ofrece ás persoas que contan con máis dificultades para atopar un traballo unha experiencia e práctica profesional para facilitar a súa inserción no mercado laboral*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé un importe medio por entidade de 64.800 €, o que supón máis do dobre que na convocatoria de 2017*
- *Como novidade, priorizaranse nesta convocatoria ás entidades que desenvolven proxectos singulares, é dicir, as que prestan servizos a outros colectivos, contan cun máis dunha área de actuación no ámbito autonómico e teñen máis de 100 traballadores*

A Xunta publicará nas próximas semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o programa de axudas de cooperación para as entidades sen ánimo de lucro, ao cal destina 8,1 millóns de euros para apoiar a contratación de 473 persoas sen emprego a través de 125 asociacións. Prevese unha axuda media por entidade de 64.800 euros, o que supón máis do dobre que na convocatoria anterior.

Esta iniciativa ten por obxecto a mellora da empregabilidade e o fomento do emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro sempre que estean inscritas no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), é dicir, a actuación ofrece ás persoas que contan con máis dificultades para atopar un traballo unha experiencia e práctica profesional durante 9 meses a tempo completo para facilitar a súa posterior inserción no mercado laboral.

Como novidade, nesta edición, introdúcese a figura das entidades que desenvolven proxectos singulares: as que prestan servizos a outros colectivos, contan con máis dunha área de actuación no ámbito autonómico e teñen máis de 100 profesionais no seu cadro de persoal. Para estas asociacións destínanse 3 millóns de euros do orzamento global da orde de axudas, un 37% do total.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén inclúe nesta convocatoria melloras para simplificar e facilitar a xestión ás entidades nas contratacións, co fin de reducir a documentación que teñen que presentar na solicitude. Establécese, ademais, un límite máximo da contía do apoio por entidade de 210.000 € e un anticipo do 90% da axuda tras a resolución. Esta iniciativa permitiu nas dúas últimas edicións a contratación de 955 persoas sen emprego en 513 entidades sen ánimo de lucro.

Este programa, que forma parte da Axenda 20, dá continuidade ás políticas activas de emprego dirixidas a favorecer a calidade do mercado laboral. A actuación, ademais, complementa as axudas de cooperación para menores de 30 anos a través do Sistema de garantía xuvenil, unha iniciativa innovadora que se atopa en fase de resolución.

EDUCACIÓN RENOVA OS LECTORADOS DE GALEGO NAS UNIVERSIDADES DO PAÍS VASCO, DE DEUSTO E DE OXFORD

- ***A Consellería destina 181.000 euros á promoción do galego nestas institucións económicas***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios de colaboración coas universidades do País Vasco, de Deusto e de Oxford (Reino Unido) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas. En total, destinaranse 181.901,44 euros a dar continuidade a uns acordos que se manteñen desde 1999, 1991 e 1992, respectivamente.

O importe destes convenios destinarase á contratación da persoa lectora de lingua, literatura e cultura galegas que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará na consecución dos obxectivos recollidos no convenio, e así darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo das devanditas institucións académicas. Así mesmo, con cargo aos ditos convenios poderanse organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da nosa lingua, literatura e cultura, así como adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións previstas no acordo.

Difusión do galego

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Ademais, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que ten contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE PARA PODER LICITAR NESTE MES DE XULLO AS OBRAS DO EDIFICIO FONTÁN DA CIDADE DA CULTURA

- *A autorización do Goberno galego permite axilizar os traballos e cumprir co calendario que fixa a súa finalización en 2021, ano do próximo Xacobeo*
- *O edificio integrará servizos comúns das tres universidades e un centro de investigación en patrimonio cultural*
- *O Fontán, no cal traballarán 140 persoas, aproveitará a estrutura xa existente do Teatro da Ópera, o que permitirá reducir custos*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace ao acordo que permite licitar neste mes as obras do Fontán, o edificio con que o Goberno galego culminará o proxecto da Cidade da Cultura e que suporá un impulso ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), posto que acollerá servizos comúns para todos os campus e a creación dun centro de investigación especializado en paisaxes culturais, que potenciará o Camiño de Santiago.

O acordo do Consello prodúcese só unha semana despois de que o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, en compañía dos tres reitores galegos, presentase o proxecto arquitectónico deste edificio. A axilidade na tramitación permitirá licitar as obras na segunda metade deste mes e cumprir co calendario que establece o inicio dos traballos para finais deste ano, o remate da estrutura do edificio en 2020 e a súa posta en funcionamento en 2021, ano do Xacobeo.

O edificio, en que traballarán 140 persoas, acollerá o Consorcio Interuniversitario de Galicia, centro neurálxico da xestión conxunta das tres universidades, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais, primeiro centro de investigación de España consagrado ao estudo das paisaxes e itinerarios culturais e que funcionará como un observatorio permanente do Camiño de Santiago.

Aforro de custos

A decisión de situar o Fontán na Cidade da Cultura favorecerá un aforro de 13 millóns de euros, xa que construír un edificio das mesmas características arquitectónicas e tecnolóxicas noutro lugar superaría os 30 millóns, mentres que na Cidade da Cultura o seu orzamento se rebaixa a 17 millóns.

Ademais do aproveitamento da estrutura existente do Teatro da Ópera, parte deste aforro explícase tamén polo feito de que no Gaiás existe xa un ecosistema de traballo, polo que poderán compartirse gastos de seguridade, enerxías e equipamentos para infraestruturas informáticas de alta capacidade, sen ter que acometer desde cero estas

instalacións. A isto súmase o feito de que está en marcha o enlace directo coa Autoestrada do Atlántico, o que situará o Fontán a carón da principal arteria de comunicación de Galicia.

Edificio moderno, funcional e flexible

O Fontán foi deseñado por Andrés Perea, un dos arquitectos que mellor coñece o complexo do Gaiás xa que, xunto á empresa Euroestudios, foi o director de obra dos edificios da Cidade da Cultura. O edificio proxectado por Perea integrárase co *skyline* da Cidade da Cultura, aínda que cunha autonomía formal e tamén cunha elección diferente de materiais. O proxecto prevé un edificio moderno, sustentable, funcional e flexible, que maximizará o uso da luz natural, cun auditorio de 750 prazas –divisible en tres salóns- e un xardín cuberto.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE DODRO, TORDOIA, A PASTORIZA, BARALLA, BARREIROS, SOBER E O ROSAL

O Consello da Xunta acaba de autorizar a aceptación da cesión dos inmobles dos centros de saúde de Lestrobe (Dodro) e Tordoia, ambos os dous na provincia da Coruña; dos centros de saúde da Pastoriza, Baralla, Barreiros e Sober, na provincia de Lugo, e do centro de saúde do Rosal, na provincia de Pontevedra, feitas todas ellas a título gratuito por parte dos respectivos concellos a favor do Servizo Galego de Saúde. A transferencia de todos estes centros ten un custo de mantemento anual estimado para a Xunta de Galicia de 386.095,83 euros.

Estas sete novas cesións forman parte dun grupo de centros de saúde dos cales o Sergas asumirá os seus custos de mantemento ao longo do presente ano, xunto cos xa asumidos hai uns días de Vimianzo e de Paderne. Ademais dos inmobles sanitarios de Paderne, Vimianzo, Lestrobe, Tordoia, A Pastoriza, Baralla, Barreiro, Sober e O Rosal, o Servizo Galego de Saúde prevé a asunción, ao longo dos vindeiros meses, dos centros de saúde de Cualedro, Porqueira, Catoira, Mosteiro e Mos. A transferencia de todos estes centros ten un custo de mantemento anual estimado para a Xunta de Galicia de 701.769 euros.

Estas sete infraestruturas da rede sanitaria pública galega de Dodro, Tordoia, A Pastoriza, Baralla, Barreiros, Sober e O Rosal engádense aos 74 centros xa cedidos á Comunidade Autónoma no eido do pacto local.

O centro de saúde de Lestrobe, no concello coruñés de Dodro, conta cunha superficie total construída de 279 m² e o custo anual de mantemento estimado pola Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Barbanza é de 37.907,28 euros. Pola súa banda, o centro sanitario de Tordoia (A Coruña) conta cunha superficie construída de 492,80 m², e a estimación do custo anual de mantemento é 34.727,94 euros.

O centro de saúde da Pastoriza (Lugo) conta cunha superficie construída de 950 m² e o custo anual de mantemento estimado pola Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte é de 142.000 euros. Pola súa banda, o centro de saúde de Baralla, tamén na provincia de Lugo, ocupa una superficie construída de 624 m² e o seu custo anual de mantemento estímase en 47.959,45 euros.

O centro lucense de Barreiros ocupa unha superficie de 624 m² e a Xerencia da Área Sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte estima o custo anual de mantemento en 21.500 euros, mentres que o custo anual de mantemento do centro de saúde de Sober (Lugo), que conta cunha superficie construída de 382 m², foi estimado pola devandita xerencia en 50.642,88 euros.

Finalmente, o centro de saúde do Rosal (Pontevedra) ocupa unha superficie de 544 m², e a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo estima o seu custo anual de mantemento en 51.358,28 euros.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é, en todo caso, voluntario para os concellos, que previamente asinan uns convenios nos que se establecen as bases da cooperación co Sergas para "a cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento deste". O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

A XUNTA DE GALICIA APROBA UNHA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A POSTA EN MARCHA DE 15 NOVAS CASAS NIÑO NO RURAL

- *Esta nova orde de subvencións, a terceira deste programa, está dotada con 1,2 millóns de euros e permitirá consolidar a rede de recursos de conciliación no rural galego e chegar ás 61 casas e 305 prazas de 0 a 3 anos*
- *Hoxe Galicia ten operativas 46 casas niño, o que supón a dotación de 230 prazas de atención á infancia en municipios de menos de 5000 habitantes*
- *A novidade desta convocatoria con respecto ás anteriores é que terán prioridade as solicitudes de mulleres vítimas da violencia de xénero*
- *Como en ocasións anteriores, a convocatoria de axudas subvencionará tanto a reforma e adaptación da vivenda e o seu equipamento e dotación material como a atención profesional prestada*
- *As subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva, prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e o envellecemento da poboación, para contribuír á revitalización demográfica e á cohesión territorial ou á integración laboral de persoas en situación de especial protección*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que regula unha nova convocatoria de axudas para a posta en marcha de 15 Novas casas niño no rural, un recurso gratuíto para as familias destinado a atención de nenos e nenas de entre tres meses e tres anos de idade nos concellos de menos de 5000 habitantes en que non exista ningún outro servizo de atención continuada á infancia de 0 a 3 anos. Esta convocatoria, a terceira que habilita a Administración autonómica para subvencionar estes recursos, está dotada de 1.205.000 euros cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Trátase dun recurso que se puxo en marcha por primeira vez en Galicia en 2016 coa entrada en funcionamento das primeiras 30 casas niño. Hoxe, tras a segunda convocatoria realizada o exercicio pasado, estanse a subvencionar xa 46 destes equipamentos, o que supón a dotación de 230 prazas de atención á infancia no rural galego. Esta cifra de casas niño poderá chegar ata as 61, cun total de 305 prazas, coa nova convocatoria que hoxe sae adiante e cuxa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) está prevista para a primeira quincena do presente mes de xullo. Así as cousas, sumando as tres ordes de axudas, o investimento da Xunta neste servizo ascende a 6,1 millóns de euros.

A novidade que presenta esta convocatoria de 2018 con respecto ás dúas anteriores é que no suposto de que haxa unha demanda de prazas superior ás que se ofertan terán prioridade as solicitudes de mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no

concello en que se sitúe a casa niño ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade.

Cada casa niño atenderá un máximo de cinco nenos ou nenas, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se exige unha formación ou experiencia profesional específica e se imponen requisitos e normas de seguridade nas instalacións. Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada na modalidade de atención diúrna de luns a venres e as familias poderán levar os nenos e nenas un máximo de oito horas diarias, nun horario que se pactará co/a profesional. O servizo comprenderá a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa idade e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social do neno ou nena.

Esta liña de axudas está dirixida a persoas físicas e a cooperativas de traballo asociado que estean en posesión ou conten cunha persoa socia co título de técnico/a superior en educación infantil, co grao en mestre/a de educación infantil ou primaria, grao en pedagogía, psicoloxía ou educación social. Tamén poderán optar aquelas persoas que posúan o diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou o curso de formación complementaria para futuros/as profesionais das casas niño impartidos pola Xunta de Galicia, así como aquelas que presenten formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

Por outra banda, quen concorra ás axudas deberá residir nun núcleo rural en que non exista ningún recurso de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade e contar cunha vivenda dotada con sistema de calefacción con protección dos elementos calefactores; unha sala con iluminación e ventilación naturais e un mínimo de catro metros cadrados por menor; unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene infantil e unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos; elementos de protección de enchufes, portas e ventás; e un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos. Ademais, deberán dispoñer dun plan de actuación cos nenos e nenas para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa niño. Así mesmo, os nenos e nenas que acudan deberán estar empadroados/as no concello en que se sitúe este tipo de fogar, ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos.

Concorrenza competitiva

As axudas concederanse en réxime de concorrenza competitiva prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuir á revitalización demográfica e á cohesión territorial. Así mesmo, e co

obxecto de contribuír á integración laboral de persoas en situación de especial protección, recibirán unha puntuación adicional as persoas paradas de longa duración, as menores de 35 anos e maiores de 55 anos, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración Autonómica), e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta convocatoria de axudas subvencionará a reforma e adaptación da vivenda así como o seu equipamento e dotación material e a prestación da atención personalizada de nenos e nenas de 0-3 anos. As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100% dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa niño de 15.000 euros, mentres que a achega pola prestación da atención personalizada consistirá nunha prima de 19.600 euros/ano, destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andaina.

Esta terceira orde de axudas do programa das casas niño posibilitará a apertura de 15 novos recursos de conciliación, proporcionando no seu conxunto 75 novas prazas de atención á infancia de 0 a 3 anos no rural galego. Como resultado das dúas primeiras convocatorias de 2016 e 2017, nestes momentos están en activo 46 casas niño dotadas cun total de 230 prazas: 3 situadas en concellos da provincia da Coruña, 13 en municipios da provincia lucense, 27 en localidades da provincia de Ourense e outras 3 en vilas pertencentes á provincia de Pontevedra.

Ademais de facilitar a atención á infancia e a conciliación da vida familiar e laboral, con esta actuación créanse oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego, ao tempo que se fomenta o reequilibrio territorial e se impulsan e apoian as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio. Hoxe hai en Galicia 50 concellos potenciais beneficiarios por cumprir os requisitos anteriormente mencionados.

Apoio ás familias

As casas niño son un dos recursos previstos na Área de Conciliación do Programa de apoio á natalidade de Galicia (PAN Galicia) que a Xunta está a desenvolver desde do ano 2015. Un programa que conta con tres eixos de actuación: PAN Axudas, PAN Concilia e PAN Servizos. O obxectivo das actuacións recollidas no PAN Concilia é crear un ambiente social favorable en que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición de recursos como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial.

O obxectivo é que no ano 2020 todos os concellos de Galicia conten cun recurso de conciliación. Neste sentido, as casas niño son un servizo específico para concellos de menos de 5000 habitantes que non dispoñen doutro recurso de atención á infancia que se complementa coa rede de escolas infantís da Galiña Azul, as prazas de 0 a 3 anos financiadas con fondos públicos en escolas tanto municipais como de iniciativa social e privadas, e o Bono Concilia.

No seu conxunto, a rede de escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con recursos públicos o vindeiro curso 2018/19 acadará as 24.093 prazas. Hoxe Galicia supera en máis de 8 puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas de 0 a 3 anos cunha cobertura superior ao 41%.

PRETO DE VINTE CONCELLOS TRASLADARON O SEU INTERESE POR ADHERIRSE Á APLU COAS NOVAS CONDICIÓNS MÁIS VENTAXOSAS E SEGURAS PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá dun balance de actuacións da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para divulgar entre os concellos os novos termos de adhesión, como incluír o réxime de comunicación previa para os concellos de menos de 5.000 habitantes, por ser os que dispoñen de menos recursos*
- *Tamén se modifica o convenio para que sexa a APLU a competente para resolver os recursos administrativos de reposición, previa conformidade do Concello adherido, liberando a este último das cargas administrativas e os custos xudiciais*
- *A APLU incrementa a participación na recadación dos concellos adheridos, ao entregar o 10 % das sancións impostas con independencia de quen teña a competencia; fronte ao 50 % do recadado por multas e sancións no exercicio das competencias delegadas*
- *Unha das novidades será a creación dun servizo de cooperación e asistencia ao persoal dos concellos adheridos, para que poidan dirixir as súas consultas a un servizo técnico continuado que de resposta específica ao día a día da xestión municipal en materia de protección da legalidade urbanística*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado do balance de actuacións levadas a cabo pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para divulgar entre os concellos os novos servizos e competencias da APLU. O proceso de información e de encontros facilitou que preto de vinte concellos galegos teñen trasladado e desexen adherirse á Axencia de Protección baixo os novos termos de adhesión, que buscan dar una maior garantía xurídica e velar polo cumprimento da norma en materia de urbanismo.

Ao longo deste meses, a axencia fixo un importante labor ao trasladar aos concellos que, para o exercicio das competencias encomendadas, é fundamental a implementación de medidas preventivas, e non só represivas. Grazas a este traballo de formación e divulgación, cinco concellos solicitaron ampliar as súas competencias inicialmente delegadas (Nogueira de Ramuín, A Pastoriza, Sandiás, Castrelo de Miño e Paderne de Allariz) e once concellos están en proceso de adhesión ao novo convenio de colaboración, dos cales seis adoptaron o acordo plenario e o resto xa solicitou o modelo de convenio adaptado para iniciar os trámites municipais (Sanxenxo, Noia, Brión, Foz, Sarria, Ribadeo, Boborás, Beariz, Lobios, Xunqueira de Espadañedo e O Bolo).

Na actualidade, a APLU ten competencia orixinaria na protección do solo rústico, cando se trate de obras e usos prohibidos, ou ben suxeitos a autorización autonómica, plan especial; e para calquera tipo de obra, instalación ou uso na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres. Ademais, é competencia da APLU, o requirimento para a anulación de licenzas urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral. Estas competencias orixinarias vense ampliadas nos concellos que voluntariamente se adhiran á axencia, cedendo así a disciplina urbanística para calquera actuación en solo rústico, solo urbanizable e de núcleo rural.

É dicir, unicamente ten competencia sobre as actuacións suxeitas a licenza que fosen obxecto de delegación, deixando ao marxe da delegación as suxeitas a comunicación previa. Ante ás dúbidas dalgúns concellos adheridos e o interese doutros por modificar o convenio para incluír o réxime de comunicación previa nas actuacións obxecto de delegación, a APLU aceptou a proposta de actuar sobre aquelas actuacións suxeitas a comunicación previa naqueles concellos de menos de 5.000 habitantes, por ser os que dispoñen de menos recursos.

Modificación do réxime de recursos administrativos

O artigo 4.3 do Decreto 213/2007, do 31 de outubro, establece que na tramitación dos recursos administrativos, así como nos procedementos de revisión de oficio das resolucións ditadas pola axencia nos supostos de competencias delegadas polos municipios adheridos, deberá pedirse informe preceptivo do concello respectivo, que deberá ser emitido no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal se poderá continuar a tramitación.

Non obstante, e a pesar da anterior previsión, os convenios subscritos ata o día de hoxe non se axustaban a previsión estatutaria, xerando na práctica, certas disfuncionalidades entre os concellos adheridos e a Axencia.

Por iso, no Consello Executivo do 1 de decembro de 2017, modificouse o modelo de convenio tipo, para todos os concellos galegos, de xeito que sexa a axencia a competente para resolver os recursos administrativos de reposición, previa conformidade do Concello adherido. Así, os concellos adheridos quedan liberados de cargas administrativas e custos xudiciais. Esta medida está xa implantada, polo que serán os concellos os que voluntariamente decidan modificar o seu réxime de delegación actual.

Transferencias por multas e sancións

Desde a APLU vén trasladándose aos municipios que cada infracción cometida destrúe pouco a pouco o territorio e a paisaxe de Galicia; e son veciños os primeiros perxudicados pola degradación do seu termo municipal.

Nese sentido, outro dos cambios que se introduce no novo convenio de adhesión é a porcentaxe do recadado por multas e sancións. Na actualidade, a APLU transfire aos concellos o 50% do recadado por multas coercitivas e sancións no exercicio das competencias delegadas.

Co cambio de réxime transferiríase aos concellos adheridos un 10 % do recadado no seu termo municipal, sexa no exercicio de competencias delegadas ou propias; é dicir, recibirán unha maior participación na recadación da APLU. A medida será de aplicación por anos naturais, de xeito que no momento no cal os concellos soliciten a aplicación do novo réxime iráse liquidando anualmente.

Cooperación constante cos concellos

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tamén está a priorizar a colaboración e asistencia permanente cos concellos adheridos; por esa razón trabállase nun servizo de cooperación e asistencia ao persoal dos concellos adheridos, co fin de que os servizos municipais poidan dirixir as súas consultas a un servizo de asistencia técnica continuada pensado para dar resposta específica ao día a día da xestión municipal en materia de protección da legalidade urbanística.

Tamén se prevé a creación dunha nova páxina web cun espazo propio e privado de atención específica para concellos adheridos, que funcionará como unha canle de asesoramento en liña, con acceso a materiais de recurso xurídico e técnico de interese no ámbito urbanístico, que estará operativa este mesmo ano.

Outra das novidades que recollerá o novo convenio de colaboración é a preferencia de participación do persoal dos concellos adheridos ás accións formativas e congresos promovidos pola axencia, co fin de mellorar e reciclar os técnicos municipais nesta materia.